

O VALADOURO

Edicto

Quedando definitivamente aprobado o Regulamento de uso e funcionamento do ximnasio municipal de Ferreira do Valadouro, segundo acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2009, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, faise público o texto do Regulamento para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO XIMNASIO MUNICIPAL DE FERREIRA DO VALADOURO.

Artigo 1.- Obxecto do presente regulamento.

O obxecto do presente regulamento é establecer a regulación básica da prestación do servizo público de ximnasia por parte do Concello de O Valadouro dentro das competencias atribuídas ó mesmo en materia de actividades ou instalacións culturais e deportivas e de ocupación do tempo libre.

O Concello de O Valadouro conta cunha instalación equipada para desenvolver a práctica deportiva nos baixos do edificio ubicado en Avenida Diputación número 3 e cuxa xestión e titularidade ten asumida como propia.

Artigo 2.- Concepto de usuario/as.

Enténdese por usuario/a a efectos da presente normativa, toda persoa dacordo ó seguinte criterio:

Maiores de 14 anos ata 16 anos: Por prescrición médica debidamente xustificada e supervisados por monitor deportivo.

De 16 a 18 anos supervisados por monitor deportivo.

Maiores de 18 anos. Que fagan uso do ximnasio municipal en virtude de presentación da solicitude nestas dependencias municipais.

- Cando o usuario/a da instalación sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos, os seus pais ou tutores legais.

- O acceso á instalación do ximnasio municipal supón a aceptación polos usuarios/as das normas contidas no presente Regulamento.

Artigo 3. Accesos e control.

O servizo de control de accesos obxecto deste contrato, terá os cometidos que a continuación se detallan:

- Atención á recepción e control de acceso dos usuarios á instalación.

- Venda de entradas e outros artigos, cobro de servizos, inscrición e información ó usuario.

- Apertura e peche da instalación.

- Comprobación de ausencia de intrusos ó peche da instalación.

- Apagado e encendido de luces e demais elementos automáticos, así como calquer dispositivo que necesite ser accionado para a posta en marcha, parada e mantemento da instalación.

- Atención telefónica.

- Elaboración de partes de incidencias.

- Control diario de ingresos xerados pola instalación e servizos.

- Aplicación do regulamento de Servizos, tanto no que respecta ó acceso dos usuarios á instalación, como no seu proceder dentro das mesmas.

O persoal encargado, podrá esixir ó usuario a exhibición dos documentos ou recibos, que acrediten o ingreso das taxas, namentras o interesado permaneza no interior do recinto e, en todo caso, antes de permitir o acceso ás instalacións.

Artigo 4. Normas de xestión.

A solicitude do uso da instalación presentarase previamente no Concello, mediante folla de inscrición cumprimentada e firmada. No caso de menores de idade, firmaraa o padre/madre ou tutor/a.

Se o usuario/a padece algún tipo de enfermidade ou patoloxía, é obrigatoria a presentación dun informe médico de aptitude para o exercicio. E se durante o tempo que asiste á instalación sofre algunha enfermidade ou lesión que poida repercutir na práctica deportiva, debe notifica-lo.

O usuario deberá proceder ó pago das tarifas recollidas na ordenanza fiscal número 18 segundo o acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión extraordinaria do día 17 de febreiro de 2009.

Os abonos son persoais e en ningún caso poderán acceder ás instalacións con abonos outras persoas que non sexan os titulares dos mesmos.

A tarxeta de aboado deberá levarse sempre que se queira facer uso das instalacións e debe mostrarse cando o solicite o persoal de control.

Todos os servizos que figuran na utilización deportiva das instalacións municipais enténdese con dereito a utilizar os vestiarios e as duchas.

Artigo 5. Horarios de apertura e peche das instalacións.

O calendario e horarios de apertura ó público será o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		Ximnasio 10:30-13:30 h		Ximnasio 10:30-13:30 h		
Ximnasio 18:30-22:30 h		Ximnasio 18:30-22:30 h		Ximnasio 18:30-22:30 h		
Masaxes 20:00-22:00 h		Masaxes 20:00-22:00 h		Fisioterapia 16:30-20:30 h		

Artigo 6. Sesións.

Con carácter xeral ningunha maquina poderá ser utilizada ininterrompidamente durante máis de 20 minutos.

Artigo 7. Dereitos dos usuarios.

- Ser tratados con educación e cortesía por parte do persoal do ximnasio municipal.

- Disfrutar, dacordo coas normas de uso establecidas, da instalación.

- Facer uso da instalación nos días e horarios sinalados na autorización, se ben, o Concello por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando estas circunstancias ós afectados co tempo suficiente.

- Dispor da instalación e do mobiliario en perfectas condicións.

- Poder consultar nas oficinas municipais, e a ser posible na instalación deportiva, o presente regulamento.

- Presentar as queixas, suxerencias ou reclamacións que estime convintes; por escrito, nas follas dispoñibles a tal efecto no Concello.

Artigo 8.- Obrigas dos usuarios.

- Velar polo bo estado de conservación da instalación e servizos, impedindo ou denunciando todo acto que vaia en deterioro das mesmas e advertindo ós empregados cando observen anomalías na instalación ou no material da mesma.

- Prohibese comer e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de vidro.

- Facer uso da instalación coa roupa e calzado deportivo adecuados. Non se permite realizar exercicios co torso desnudo.

- Prohibese acceder ás instalación con animais de compañía.

- É necesario levar unha toalla para colocala encima das máquinas ou aparatos dos que se faga uso. É responsabilidade exclusiva dos usuarios contar co material necesario para a práctica deportiva.

- Debe facerse un uso correcto das máquinas e pesas, en caso de duda, débese consultar ó monitor ou encargado.

- Gardar o debido respecto ós demais usuarios e o persoal da instalación, así como atender en todo momento as indicacións do mesmo, cuio cometido é supervisar toda a actividade que se realice no recinto.

- Aboar as taxas vixentes.

Artigo 9.- Pérdida da condición de usuario.

O incumprimento das obrigacións que se derivan da condición de usuario, poderá levar consigo a perda de tal condición. Ditos incumprimentos poderán ser clasificados como leves e graves, segundo se detalla no apartado seguinte:

9.1.- Incumprimentos leves.

a) O incumprimento dalgunha das obrigas dos usuarios, cando a súa consecuencia non de lugar á calificación de grave.

b) O trato incorrecto a calquera usuario, persoal, etc...

c) Causar danos leves de forma involuntaria á instalación ou equipamento da mesma.

9.2.- Incumprimentos graves.

a) O incumprimento reiterado dalgunha das obrigacións dos usuarios.

b) O maltrato de palabra ou obra a outros usuarios ou empregados da instalación.

c) Causar danos graves de forma voluntaria á instalación ou equipamento da mesma.

d) Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a sí mesmo ou a outras persoas.

e) Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde, etc... e a suplantación de identidade.

f) A reincidencia en incumprimentos resoltos como leves.

g) Hurtar, roubar, ou deteriorar, material da instalación ou das pertenzas doutros usuarios.

h) Introducir na instalación animal ou produto que deteriore a mesma.

9.3.- Consecuencias dos incumprimentos.

Os incumprimentos leves correxeranse con apercibimento por escrito ou a perda da condición de usuario por un período de 5 a 30 días.

Os incumprimentos graves correxeranse coa perda da condición de usuario por un período comprendido entre 30 días e 1 ano, se a gravidade do mesmo o fixera necesario.

Artigo 10. Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador axustarase ó disposto no Real Decreto 1.398/1993, de 4 de agosto de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que fose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello e publicado íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra a aprobación da presente Ordenanza de conformidade co establecido no artigo 107.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación do texto da disposición impugnada no Boletín Oficial da Provincia e na forma establecida nas normas reguladoras de dita xurisdicción.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente conxuntamente a dereito, competente.

O Valadouro, a 24 de setembro de 2009.- O ALCALDE, Eulogio Fernández Sampayo.

R. 05343